

Actividades realizadas pola SGEA no ano 2011:

- **Xestión económica e administrativa** básica da asociación.
- Proceso de **cambio de local**. O vello local foi completamente baleirado e entregado limpo á empresa propietaria, e cos servizos dados de baixa. O material de oficina foi levado á sede da *Asociación para a Defensa da Ría de Arousa* (APDRA) de Vilagarcía, o material informático de sobremesa foi cedido a *Amigos da Terra-Vigo*, o material de divulgación foi cedido á biblioteca do Centro Sociocultural de Cornes-Compostela, e o material de educación ambiental foi levado para o local da Asociación *Ítaca* de Compostela. Nós seguimos tendo o portátil, o canón, a pantalla e o móbil da SGEA.
- Acordo para o **uso do local** da Asociación *Ítaca*.
- Xestión para a consecución do novo **apartado de correos** da asociación.
- Organización e desenvolvemento das **VII Xornadas da SGEA: dez anos de traballo cooperativo pola educación ambiental en Galiza (2001-2011)** no CEIDA-Oleiros. O décimo aniversario da SGEA tamén incluía as xornadas de cooperativismo, que nos financiaba a Deputación da Coruña. 6 e 7 de maio.
- Organización e desenvolvemento do **XIII Encontro da SGEA** no CPR *O Viso*, Lodoselo-Sarreaus. 8 e 9 de outubro.
- Actualización da **web** da SGEA.
- Recollida de sinaturas e entrega na Xunta do **manifesto** *Non á desaparición da educación ambiental en Galiza*. Participación do presidente ao respecto en Radio *Cerna-ADEGA*. Envío de notas de prensa a distintos medios de comunicación.
- Presenza nos **órganos e entidades** nos que a SGEA ten representación: no Observatorio Galego de Educación Ambiental, na Federación de Entidades de Educación Ambiental e no programa *USC en transición* da Oficina de Desenvolvemento Sostible da Universidade de Santiago de Compostela.
- **Xuntanza** de varios dos nosos membros co Director Xeral de Sostibilidade e Paisaxe da Xunta de Galiza, Manuel Borobio.

Proposta de actividades da SGEA para o ano 2012:

- **Xestión económica e administrativa** básica da asociación.
- Organización e desenvolvemento de polo menos un **Encontro da SGEA** nun equipamento galego de educación ambiental.
- Organización e desenvolvemento dalgunha/s **actividade formativa**: curso de teatro- foro, Xornadas da SGEA, etc. En estudo, atendendo as demandas das socias e socios.
- Actualización e dinamización da **web** da SGEA coa posibilidade de incluír unha **sección de emprego** que facilite o intercambio de ofertas e demandas de profesionais do noso sector.
- Organización e desenvolvemento de varios **Encontros da SGEA en rede** (a través do chat da nosa web) sobre temáticas que nos suxiran as socias e socios. O primeiro podería tratar sobre *a situación dos equipamentos galegos para a educación ambiental*.
- Presenza continuada nos **órganos e entidades** nos que a SGEA ten representación: OGEA, FEEA e USC en transición.
- **Atención ás demandas** dos socios e socias e da sociedade, propias ou colaterais ao noso campo de acción.
- Recuperar o funcionamento de **grupos de traballo** dentro do colectivo.

- *Outras propostas dos socios e socias que se consideren interesantes, realizadas na Asemblea Xeral ou a través doutras canles de participación.*